

Compromiso RSC

Compromiso	Plan/ Acción que o desenvolve
• Integrar a RSC na xestión da organización, someténdoa ás operacións de análises, control e mellora especificadas no noso modelo de xestión corporativo. • Planificación de actividades considerando os condicionantes da contorna, dos recursos e dos procesos existentes na organización, e despregamento de accións nos ámbitos económico, social, laboral, ambiental e operacional.	• Plan Director 2018-2020 • Plan Director 2018-2020
• Implantación dunha canle de comunicación bidireccional cos grupos de interese. Canle web de consultas. • Seguimento continuo e análise de requirimentos de grupos de interese.	• MRSC_RETEGAL web • Sistema de xestión da calidade (UNE-EN ISO 9001:2015) • Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 - 2018 (seguimento)
• Consolidación de políticas de contratación transparentes. • Inclusión progresiva de cláusulas específicas para a contratación pública, relacionadas coa ética e/ou prácticas laborais, xestión financeira, respecto ambiental, competencia e anticorrupción • Adhesión, implantación, seguimento e reporte anual do grao de desenvolvemento dos principios de Global Compact de Nacións Unidas, referendado polo Consello de Administración da sociedade.	• Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 - 2018 • Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018
• Implantación dunha canle de comunicación interno para todos os empregados cos órganos directivos da compañía. • Implantación dunha canle de denuncias. • Implantación dun sistema de xestión en seguridade e saúde laboral en RETEGAL conforme á norma OHSAS 18001:2007 que permita un maior e mellor control das actividades da compañía.	• MRSC RETEGAL web • Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento) • Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018 • Implantación da norma OHSAS 18001:2007 (2018) • Esquema Nacional de Seguridade 2017-2018 • Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento)
• Implantación dun sistema de xestión ambiental en RETEGAL conforme á norma UNE-EN ISO 14001:2015. • Facer extensible aos provedores e subcontratistas da sociedade o compromiso co medio ambiente. • Sensibilizar a todos os grupos de interese sobre a importancia de incorporar nas súas operacións, programas de actuación sensibilizados co respecto ao medio ambiente.	• Implantación da norma UNE-EN ISO 14001:2015 (2018) • Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017-2018 (seguimento)

Estes compromisos e obxectivos de alto nivel axudarannos a despregar, de modo efectivo, realista e controlado, futuras accións no marco da responsabilidade social e a xestión sustentable.

URL fonte: <https://www.retegal.es/gl/rsc/compromiso-rsc>